

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS
E TRANSFORMACIÓN DIXITAL**

9722 *Real decreto 374/2021, do 25 de maio, polo que se modifica o Regulamento polo que se establecen os requisitos para a comercialización, posta en servizo e uso de equipamentos radioeléctricos, e se regula o procedemento para a avaliación da conformidade, a vixilancia do mercado e o réxime sancionador dos equipamentos de telecomunicación, aprobado polo Real decreto 188/2016, do 6 de maio.*

O Regulamento polo que se establecen os requisitos para a comercialización, posta en servizo e uso de equipamentos radioeléctricos, e se regula o procedemento para a avaliación da conformidade, a vixilancia do mercado e o réxime sancionador dos equipamentos de telecomunicación, aprobado polo Real decreto 188/2016, do 6 de maio, traspuxo ao ordenamento xurídico español a Directiva 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativa á harmonización das lexislacións dos Estados membros sobre a comercialización de equipamentos radioeléctricos, e pola que se derroga a Directiva 1999/5/CE, e incorporou as novidades do novo marco lexislativo (NML) comunitario para a comercialización de bens en relación con equipamentos radioeléctricos, de modo que estes equipamentos unicamente poidan ser comercializados cando cumpran os requisitos que proporcionan un nivel elevado de protección da saúde e a seguridade, un nivel adecuado de compatibilidade electromagnética e un uso eficaz e eficiente do espectro radioeléctrico que evite interferencias prexudiciais.

O artigo 138 do Regulamento (UE) 2018/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2018, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia da Unión Europea para a Seguridade Aérea e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 2111/2005, (CE) n.º 1008/2008, (UE) n.º 996/2010, (CE) n.º 376/2014 e as directivas 2014/30/UE e 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 552/2004 e (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, e o Regulamento (CEE) n.º 3922/91 do Consello (en diante, Regulamento EASA), modificou o número 3 do anexo I da Directiva 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, co fin de garantir que determinados equipamentos de aviación quedan excluídos do ámbito de aplicación da Directiva 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, por estaren sometidos a procesos de certificación establecidos naquel regulamento.

Co fin de adaptar o citado regulamento aprobado polo Real decreto 188/2016, do 6 de maio, ás previsións do Regulamento EASA, este real decreto modifica o número 3 do anexo I relativo aos equipamentos non suxeitos ás súas prescricións.

De acordo co Regulamento EASA, as aeronaves distintas ás aeronaves non tripuladas, e os seus motores, hélices, compoñentes e equipamento non instalado, sempre e cando estean destinados exclusivamente ao uso aeronáutico, deben estar excluídas do ámbito de aplicación da Directiva 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

Por outra parte, as aeronaves non tripuladas, así como os seus motores, hélices, compoñentes e equipamento non instalado, cuxo deseño estea certificado pola Axencia da Unión Europea para a Seguridade Aérea, de conformidade co disposto no novo regulamento, que se destinen exclusivamente ao uso aeronáutico e que funcionen unicamente en frecuencias atribuídas polo Regulamento de radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións para un uso aeronáutico protexido deben tamén entenderse excluídas do ámbito de aplicación da Directiva 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

Por último, este real decreto introduce dúas melloras técnicas que adecúan con maior precisión o Regulamento aprobado polo Real decreto 188/2016, do 6 de maio, á Directiva 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

En primeiro lugar, substitúese no primeiro parágrafo do artigo 4.1 a expresión «declaración UE de conformidade» pola de «declaración de cumprimento», máis acorde co texto orixinal en inglés da citada directiva, «statement of compliance», co fin de diferenciarlo claramente do termo «declaration of conformity» que corresponde a un concepto diferente, tamén recollido na dita directiva.

En segundo lugar, modifícase o artigo 8 para aclarar que, de conformidade co artigo 9.2 da Directiva 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, este precepto se aplica a dous supostos distintos: por un lado, ao de exhibición de equipamentos en feiras, e por outro, ao de demostracións de equipamentos. A modificación afecta, por un lado, a substitución do termo «presentar» polo de «exhibir», máis acorde co termo orixinal «display» da versión en inglés da directiva; por outro lado, elimínase a expresión «nestes casos» e déixase claro que a autorización descrita no dito artigo unicamente se aplica á demostración de equipamentos.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións e radiocomunicación, recoñecida no artigo 149.1.21ª da Constitución.

O presente real decreto é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Cumpre cos principios de necesidade e eficacia, xa que o Regulamento EASA exige que as aeronaves distintas ás aeronaves non tripuladas, e os seus motores, hélices, compoñentes e equipamento non instalado, sempre e cando estean destinados exclusivamente ao uso aeronáutico, queden excluídas do ámbito de aplicación da Directiva 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014. É acorde, tamén, co principio de proporcionalidade, ao ser o medio adecuado para aprobar a modificación exixida, e co principio de seguridade xurídica, ao aclarar o ámbito de aplicación do regulamento que se modifica. Así mesmo, cumpre co principio de transparencia, pois someteuse aos trámites de consulta pública previa e información e audiencia pública, e co principio de eficiencia, ao corrixir unha redacción que suscitaba dúbidas interpretativas sobre a existencia dunha autorización non prevista na Directiva 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, o que supón, polo tanto, unha redución de cargas administrativas.

De conformidade co establecido no artigo 133.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o presente real decreto foi sometido aos trámites de consulta pública previa e audiencia pública a través do portal web do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Así mesmo, no procedemento de elaboración desta norma, incluída no Plan anual normativo de 2020, emitiron informe tanto a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia como os distintos departamentos ministeriais afectados. De conformidade co establecido no artigo 26.5 e 26.9 da Lei 50/1997, do Goberno, emitiron tamén informe a Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e a Oficina de Coordinación e Calidade Normativa do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

O presente real decreto dítase con base na habilitación contida na disposición derradeira décima da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, que establece que o Goberno, de acordo co previsto na lei, poderá ditar as normas regulamentarias que requiran o desenvolvemento e a aplicación desa lei.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento polo que se establecen os requisitos para a comercialización, posta en servizo e uso de equipamentos radioeléctricos, e se regula o procedemento para a avaliación da conformidade, a vixilancia do mercado e o réxime sancionador dos equipamentos de telecomunicación, aprobado polo Real decreto 188/2016, do 6 de maio.*

O Regulamento polo que se establecen os requisitos para a comercialización, posta en servizo e uso de equipamentos radioeléctricos, e se regula o procedemento para a avaliación da conformidade, a vixilancia do mercado e o réxime sancionador dos equipamentos de telecomunicación, aprobado polo Real decreto 188/2016, do 6 de maio, modifícase nos seguintes termos:

Un. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Os fabricantes de equipamentos radioeléctricos e os fabricantes do software que permita que os equipamentos radioeléctricos se utilicen da maneira prevista facilitarán á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, aos Estados membros da Unión Europea e á Comisión Europea, información sobre a conformidade das combinacións previstas de equipamentos radioeléctricos e software cos requisitos esenciais establecidos no artigo 3 do presente regulamento. Esta información obterase a partir dunha avaliación da conformidade levada a cabo consonte o disposto no artigo 16 do presente regulamento e proporcionarase no formato dunha declaración de cumprimento que inclúa os elementos recollidos no anexo VI do presente regulamento. Atendendo ás distintas combinacións específicas de equipamento radioeléctrico e software, esta información identificará, de forma precisa, o equipamento radioeléctrico e o software que se avaliou, e será obxecto dunha actualización permanente.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 8, que queda redactado da seguinte forma:

«Poden exhibirse en feiras comerciais, exposicións e actos similares equipamentos radioeléctricos que, sen cumpriren co disposto neste regulamento, o advirtan mediante unha indicación visible que sinala expresamente que eses equipamentos non poden comercializarse nin pórse en servizo, nin ser usados mentres non sexan conformes co establecido no presente regulamento.

Deberase solicitar autorización á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais para realizar probas de demostración de equipamentos radioeléctricos, a cal se concederá sempre que o seu uso non cause interferencias prexudiciais, perturbacións electromagnéticas ou riscos para a saúde ou a seguridade das persoas, os animais domésticos ou para os bens. Se, a pesar da autorización concedida, se detecta algún dos riscos indicados anteriormente, deberá cesar o uso do equipamento de modo inmediato.»

Tres. Modifícase o número 3 do anexo I, que queda redactado da seguinte forma:

«Os seguintes equipamentos de aviación, cando entren no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2018/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2018, e estean exclusivamente destinados ao uso aeronáutico:

a) Aeronaves, distintas ás aeronaves non tripuladas, e os seus motores, hélices, compoñentes e equipamento non instalado;

b) Aeronaves non tripuladas, así como os seus motores, hélices, compoñentes e equipamento non instalado, cuxo deseño estea certificado conforme o artigo 56, número 1, do dito regulamento e que estean destinados a funcionar unicamente en frecuencias atribuídas polo Regulamento de radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións para un uso aeronáutico protexido.»

Disposición adicional única. *Referencias normativas.*

As referencias que se fan no Real decreto 188/2016, do 6 de maio, á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información deben entenderse realizadas á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de maio de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital,
NADIA CALVIÑO SANTAMARÍA